

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 27 DE MARZO DE 2015.

Presidente:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.

Concelleiros:

D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA.
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.
D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.
D. MANUEL GÓMEZ ESTEVEZ.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.


Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- LICENZAS PARA A ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.

1.1.- Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA A ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS Á ASOCIACIÓN MATEMÁTICO RODRÍGUEZ DE BERMÉS**, consistente na celebración de actuacións musicais o día 5 de abril de 2015 no Campo da Festa de Bermés, Lalín.

1.2.- Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA A ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS A D. PEDRO VILARIÑO PRIETO**, consistente na celebración de verbena popular con orquestra e charangas o día 4 de abril de 2015 no Campo da Feira de Lalín.



2.- EXPEDIENTES DE SELECCIÓN DE PERSOAL.

2.1.- Acordouse a contratación de 3 peóns albanel ao abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015.

2.2.- Acordouse a contratación de 3 peóns de obras públicas ao abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015.

2.3.- Acordouse a contratación de 1 peón canteiro ao abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015.

2.4.- Acordouse a contratación de 1 peón fontaneiro ao abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015.

2.5.- Acordouse a contratación de 1 peón carpinteiro ao abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015.

2.6.- Acordouse proceder a cubrir a vacante dun traballador operario de xardinería, por solicitude de baixa voluntaria, contratado ao abeiro do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015, e proceder a contratación do seguinte candidato con maior puntuación no proceso de selección.

3.- OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO.

3.1.- Acordouse Aprobar a oferta de emprego público para o exercicio 2015, de acordo coa relación de postos de traballo e co orzamento xeral en vigor, có seguinte detalle: **FUNCIONARIOS DE CARREIRA: Grupo:** C, **Escala:** Administración Especial, **Subescala:** Servicios especiais, **Nº Vacantes:** 3, **Denominación:** Policía Local, garda; **PERSOAL LABORAL FIXO: Grupo:** B, **Escala:** Administración Especial, **Subescala:** Técnica, **Nº Vacantes:** 1, **Denominación:** Técnico Informático; **Grupo:** AG.P., **Escala:** Administración General, **Subescala:** Subalterno, **Nº Vacantes:** 1, **Denominación:** Conductor-operario.

4.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.

4.1.- Acordouse proceder a devolución e cancelación da fianza depositada por **Banco Popular Español, S.A.**, na Tesourería Municipal, polo importe de **1.500 euros**, como



Secretaría Xeral

garantía para responder da “*Reforma de oficina do Banco Popular na rúa da Ponte, núm. 4, Lalín*”.

4.2.- Acordouse proceder á devolución e cancelación da fianza depositada na Tesourería Municipal pola **empresa Scheid&Bachmann Ibérica S.L.U.**, polo importe de **1.805,50 euros**, como garantía para responder do “*Control de accesos, equipamento para reapertura do parking Europa, Lalín*”.

5.- FACTURAS E CONTAS.

5.1.- Acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **134.440,17 €**.

6.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.


6.1.- Acordouse aprobar a conta xustificativa de gastos da **XXXª Edición de Feiradeza por importe de 21.578,46 €** e remitir á Excmá. Deputación de Pontevedra para a oportuna xustificación da axuda concedida.

6.2.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de **11.409,09 €** (IVE incluído), con destino á adquisición e instalación das aplicacións informáticas citadas no informe do técnico informático, conforme ás características especificadas no orzamento que se achega a esta proposta, contratando o citado subministro coa empresa **DATA BASE STORAGE, S.L.**, (Nome comercial OMEGA PERIPHERALS) con suxeición ó réxime dos contratos menores.

6.3.- Acordouse aprobar as cifras de poboación a **1 de xaneiro de 2015** e que son: Total habitantes: 20.059, Homes: **9.734**, Mulleres: **10.325**

6.4.- Acordouse estimar a solicitude relativa á devolución do pago en exceso do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras para a construción de vivenda unifamiliar en Vilasancho, parroquia de Sello, e proceder á devolución da cantidade pagada en exceso que ascende a **207,41 €**.

6.5.- Acordouse a aprobación da alta dun posto e da liquidación para o día 3 de abril do ano 2015, pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica, un día na Plaza da Igrexa, por importe de **8,20 euros**.



7.- CORRECCIÓN DE ERROS.

7.1.- Acordouse correxir o erro padecido pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 19 de marzo de 2015, en relación á conta xustificativa da subvención concedida ao Concello de Lalin ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, no punto segundo relativo aos gastos totais soportados polo Concello de Lalín relativo á xestión de programas.

8.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

8.1.- Acordouse proceder ao levantamento do precinto existente no local ubicado na rúa Monte do Faro, núm. 64, Lalín, para que o solicitante realice as obras ás que se refire a licenza concedida con data 19 de marzo de 2015.

8.2.- A Xunta de Goberno Local quedou enterada da **baixa** na TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MARCADORÍAS DE CALQUERA CLASE, para o vado permanente ubicado na Rúa B, núm. 45, con número de placa 198.

8.3.- A Xunta de Goberno Local quedou enterada do escrito remitido pola **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 24 de marzo de 2015**, co que achegan resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se autoriza ao arqueólogo Erik Carlsson-Brandt Fontán para a realización do proxecto de intervención arqueolóxica no Castro de Doade, Lalín.

8.4.- Acordouse remitir escrito á Consellería de Educación, Ordenación Universitaria e Cultura para que adopte, previa comprobación, as medidas que estime oportunas sobre a corrección da localización cartográfica da Mámoa do Monte da Rocha e se rectifique o erro detectado.

=====

